

TARAMUNDI, MIL VERSOS

Flores de abruñeiro

Alberto Calvín Corredoira



EDITORIAL CANELA
FILSO DA BOVIA

LIMIAR

Coñecín a Alberto o ano en que se publica a antoloxía da poesía galegoasturiana *Évos un amaicer guapo* (2007), onde, o poeta de Pardiñas, aparece con «A pobre da pobre», un texto que dera a coñecer en *Relatos hiperbreves. IV Premio Antonio Raymundo Ibáñez «Marqués de Sargadelos»* (2006), no que tamén figura coa narración «O soldado que marcaba fuerte o paso». Neste certame foi galardoado varias veces; a última, por «A Nogueira do demo», primeiro premio na edición número XV, que se recolle no colectivo *Relatos costumbristas* (2019). Se repasamos os volumes que ano a ano publica a Asociación de Amigos de Antonio Raymundo Ibañez «Marqués de Sargadelos», veremos que Alberto Calvín Corredoira continúa manténdose fiel á convocatoria desde os comezos, tanto enviando pezas en verso coma en prosa. Sirvan de exemplo «A gata brava» e «El tercer topo» (de 2004), «Das cousas de meu padre» e «O libro que fala» (de 2005), «A historia de Carmina», «A Linda i a Parda» e «Recordando a meu tío Ramón» (de 2007) e máis de anos sucesivos.

Aos anteriores temos que engadir unha serie de títulos que figuran en moi diversas obras. É o caso de «E penso», nas *I Xornadas sobre a Situación Sociolingüística das Comarcas do Eo-Navia* (2011), organizadas polo concello da Fonsagrada; «Non chores gaitiña» e «Cunha gaita basta», no monográfico *Manuel Enríquez Fernández, Nela de Bres* (2012); «A Terra», en *Aldeas sen voz* (2016) de Vicente Ansola, os dous publicados por Canela; «Tres contos», en *Trabatel. Revista eonaviega de lliteratura* (2020), do Goberno do Principao d'Asturias, e numerosas aportacións da cultura tradicional coma a realizada para *Tradición Oral en Ozcos - Eo* (2012), editado pola Mancomunidad Ozcos-Eo.

Durante todos estes anos fun testemuña da súa rica traxectoria literaria e, ademais dos galardóns anteriores, celebrei que en 2011 se lle concedese unha mención de honra no VI Premio Arume de Poesía da Fundación Xosé Neira Vilas, por *Flores de abruñeiro*, un título que, despois de permanecer inédito máis dunha década, amécese na presente a *Taramundi, mil versos*. Do mesmo xeito, valorei que a Asociación Cultural Os Castros de Taramundi lle dese á luz *Tiroliro* (2013) e *O canto do carro* (2014). Como imos vendo, se por algo se caracteriza a produción literaria de Calvín é por estar diseminada en múltiples soportes, unha circunstancia que dá boa conta da xenerosidade da súa persoa; como tantas veces teño comprobado. Sempre disposto a compartir a palabra e a atender calquera demanda, os seus textos encontrámolos impresos, manuscritos (as máis das veces como agasallos persoais) e tamén en soporte dixital. Afortunadamente para nós, non lle pasou como ao seu Galego de Lourido que os seus versos *compoñía / e gardaba na memoria; / ¡cantas historias sabía / das que hoi naide recorda!*

A nivel comarcal, Calvín mantén o facho literario que acenderan na primeira metade do XX os *Contos de polavila* (1928) de José María López (1884-1931) e a poesía difundida a través da prensa local por Antolín Santos Mediante Ferraría (1880-1944), un escritor polo que Alberto ten manifestado varias veces sentir admiración. A este respecto, resulta ben ilustrativa a súa composición «Con dous poetas me quedo»:

Con dous poetas me quedo,
porque os dous gústanme a min.
Con dous poetas me quedo,
si é que eu teño que elegir.
 En castellano,
 Machado,
 i en galego,
 Antolín.

Os dous escribiron claro,
pois así hai que escribir.
Con dous poetas me quedo,
si é que eu teño que elegir.

En castellano,
Machado,
i en galego,
Antolín.

Os dous na memoria teño,
de tantas veces que os lin.
E con estos dous me quedo,
porque os dous gústanme a min.

En castellano,
Machado,
i en galego,
Antolín.

Pero, como poeta do agro encontrámoslle abundantes semellanzas con outros fidores ou vates populares da nosa época, do estilo da chamadada Rexubeira de Bergantiños Asunción Antelo (1919-2016) ou do poeta carpinteiro de Iria Flavia Manuel Blanco Mariño (1929-2021), por achegarmos dous exemplos. Esta fusión do poeta co medio agrario, cerne da súa poética, manifestábaa en 2007 no inédito «Despois de ler o libro», composto con motivo da aparición da antoloxía citada ao comezo: *Porque son os meus poemas / os de un simple aficionado, / os de un home de aldea / que quere cantarlle ó agro, / porque hai que ser poeta / cando se vive no campo.*

O material lingüístico utilizado é a súa propia fala familiar, que, aínda que con trazos específicos do galego central e occidental (uso de *canto* e *cando*, forma atemática *tes...*), polas súas características encadrámola mellor dentro do bloque oriental. Entre as súas diferencias resaltan o uso do ditongo *ui* (*muíto*,

truitas, escuitalo), conservación de -L- intervocálico en certas palabras (*calenta, volan*), variantes como *baxo* e *debaxo* (ao lado de *baixo, debaixo* e *abaixo*), formación de plurais do tipo *can - cais*, desinencias *-ais* e *-eis* (*traballais, podeis*), formas temáticas *fain* e *tein*, variante *dicen* e algunha máis. A elas habería que engadir as compartidas coas falas centrais como a terminación *-ao* en palabras que no latín acababan en *-ANU* (*mao, vrao, tabao*) ou o persoal *tu*. Así mesmo, cumpriría sumar outras que se manteñen nas áreas lucenses próximas como as correspondencias *escarpín - escarpíños* (igual que *camín - camiños*), o adverbio *hoi* e formas léxicas como *amorolo* ‘amorodo’, *boxe*, *cabozo* ‘hórreo’, *cachabo* ‘bastón’, *coscorelo* ‘caracol’, *folgueira*, *gouño* ‘carabuña’, *limaco*, *maíz* ‘maínzo’, *mallega*, *mazaeiro* ‘maceira’, *polavila*, *sebeiro* ‘sebe’, *xabaril* etc. Tamén encontramos variantes utilizadas máis extensamente na fala coloquial, tanto en Asturias coma en Galicia, tales coma *páxaros*, vocalizacións semicultas de grupos consonánticos (*Preceuto* ‘precepto pascual’), terminación *-cio*, *-cia* (*desgracia, servicio*), formas similares a *verdá*, demostrativos *esto* e *eso*, indefinidos *unhos*, *algunhos* e *naide*, formas verbais como *andábamos*, *anduvo*, *iba*, *sea*, *tar* (*tou, tarei...*), adverbio *axina* e locución *ondequera que*, preposicións *hasta*, *pra* (*prós, prás*), *según* e *sin*, conxunción *anque* e castelanismos léxicos como *alambre*, *avellano*, *ballenas*, *blanco*, *calavera*, *carretera*, *cuento*, *Dios*, *dispuestos*, *enseñar*, *fruto*, *gimnasia*, *iglesia*, *ingenio*, *jode*, *juego*, *librito*, *limosneiro*, *limpieza*, *maestro*, *monaguillo*, *nombrar*, *olvidar*, *pajarita*, *pueblo*, *recuerdo*, *sencillo*, *siglos*, *suelo*, *tierno*, *tiseira*, *tododiós*, *trastera*, *vades* e outros.

Ás veces tamén asoman formas doutras áreas dialectais asturianas: *estos* e *aquelos* por *estes* e *aqueles*, *nun* por *non* e algunha máis. Por outra parte, no manuscrito orixinal transcríbense literalmente contraccións vocálicas da oralidade, que nesta obra, en certos casos, para evitar confusións de lectura acomódanse coa ortografía maioritaria. Velaquí algún exemplo: *non son máis cun aficionado* (*non son máis que un aficionado*), *e logo o ca compra*

(*e logo, ó que a compra*), *agarra sin medo (agárraa sin medo), ca verdá da gusto vela (que, a verdá, dá gusto vela), teño porque me fai falta (téñoo porque me fai falta), facer co traballo (facer que o traballo)* etc. A estas opcións ortográficas persoais habería que amecer o emprego de *bóos* por *bos*, utilizada dúas veces como recurso literario, un uso que tamén encontramos en autores do Rexurdimento como Antonio de la Iglesia ou Eduardo Pondal. E, para rematar coas anotacións lingüísticas, diremos que non utiliza o artigo *el* característico doutras falas galegoasturianas, salvo no arcaísmo *El-Señor: mais non o fixo por mal / o de afumar al Señor; / tan sólo foi pra lle dar / un pouquiño de color*.

Igual que ocorre coa fala, a esencia da rodeada taramundesa zumega na temática das composición, nas historias vividas polo autor en primeira persoa, nos seus recordos nostálxicos e mesmo na súa rúbrica *Adepé*, acrónimo formado coas iniciais do familiar «Alberto de Puchas». Deste xeito, encontramos a referida esencia na toponimia (Abraído, As Abruñeiras, Cancelos, Mousende, O Pereiro...), nas xentes (Xoán Carlos Quintana, Pepe do Pito, Camilo de Pardiñas, Lora de Roxo, o gaiteiro Nela, Manolo García «O Pote» e tantas máis, caracterizadas en moitos casos con finas pinceladas de humor e outros trazos humanos que nolas volven familiares), nos oficios (canteiros, carpinteiros, cesteiros, ferradores, ferreiros...), nos traballos e apeiros (as esfollas, a grade, o carro, o arado, a gadaña...), na paisaxe humanizada (os carreiros, os camiños, os regos, os carballos da feira...) e tamén nos animais e as plantas, sempre en relación coas persoas (o burro, os cochos, a galiña, as truitas; o abruñeiro, os arandos, as folgueiras, os nabos...). En resumo, *historias de esta terra / que Taramundi se chama; / outras haberá como ela, / pero ningunha máis guapa*.

A xente da nosa xeración criada no medio rural aínda coñeceu, como queda constancia nesta obra, a dimensión lúdica de ir en busca de amoras e de arandos (*manchábamos os dedos*,

/ manchábam os labios; / daba risa vernos / tan pintaraxados).
Persoalmente gardo na retina a sebe de ameixeiras bravas que prolongaban o noiro do camiño en abril florido e, desde a súa humildade, sorprendían cunha colleita xenerosa para quen as visitase. Aquelas ameixas eran en cada edición como un maná azul. Pois agora, despois de ler este libro e de coñecer a traxectoria do autor, os seus versos prológanme o noiro vital ata os xogos da nenez e acabo imaxinando o abruñeiro como símbolo do propio poeta, que regala a todo tipo de camiñantes a súa farturenta anada de versos, ben arraigados no noso sentir tradicional: *e, se podo escribir de xeito / que hasta un neno o entenda, / quedareime tan contento / e sentireime poeta.*

Xoán Babarro González

TARAMUNDI, MIL VERSOS



Puebliños de Taramundi

Puebliños de Taramundi,
puebliños da miña terra,
puebliños da montaña
e puebliños da ribeira.
Algunhos tades no alto,
outros tades nas ladeiras
e todos vades quedando
con muitas casas valeiras.
E pensar que noutros tempos
tuvestes nenos e nenas,
pueblos, puebliños, pueblos,
donde hoi medran as silveiras.

Lora de Roxo

Segando un día na herba
taba Lora cun focín
e, anque a muller xa iba vella,
na miña vida tal vin.
¡Como sacaba a gavela!
Toda a herba igualadiña;
eu non vin outra como ela,
non che vin na miña vida.
Axina preparou a carga;
tan axina, que eu diría
que, anque fora coa gadaña,
naide a sega máis axina.
Van cerca de cincuenta anos,
pero a min non se me olvida;
ás veces quedan marcados
os recordos toda a vida.

FLORES DE ABRUÑEIRO

Mención de honra no VI Premio Arume de Poesía
da Fundación Xosé Neira Vilas, 2011



Flores de abruñeiro

Hai unhas floriñas
alí nun sebeiro,
brancas e humildes;
son de abruñeiro.

Unhas espiñas ten
cal picos de ferro;
chámanlle tamén
espiñeiro negro.

Pero dan abruños
que, anque sean agrios,
eu penso que algunhos
comerán os páxaros.

O poeta

O Galego de Lourido
foi un poeta de aldea
que non deixou nada escrito
e eso foi unha pena.
Os seus versos compoñía
e gardaba na memoria;
¡cantas historias sabía
das que hoi naide recorda.

LIMIAR	9
TARAMUNDI, MIL VERSOS	15
Taramundi, mil versos.....	17
Esta terra	18
Puebliños de Taramundi.....	19
Un gusto raro.....	20
Claro que podía escribir de outro xeito	21
Versos de cuitelo	22
¿Que é poesía?.....	23
O carreiro.....	24
Un encargo	25
Os tres camiños.....	26
Trabazas	27
O Cristo de Mousende.....	28
As Abruñeiras.....	29
Os dous regos	30
Os carballos da feira	31
O carballo da Sela	33
Os galos.....	34
Navallas de Taramundi	35
A mao do ferreiro	36
Os ferreiros de Pardiñas.....	37
Os ferreiros	38
Os cesteiros.....	39
¡Vaia navalla!	41
Navalliñas de Pardiñas	43
Rico, o carteiro	44
O maestro don Enrique	45
Os nenos	46

Recordo a Pepe do Pito	47
Camilo de Pardiñas	50
Lora de Roxo	51
Un home feo	52
O Pote.....	53
Manolo de Planta.....	56
Venancio da Garda «Meichán»	58
A venganza de don Modesto	60
O meu castiñeiro.....	64
A vida na aldea.....	66
O Poyo.....	68
Unha camiñada.....	70
O souto.....	72
Pedras do Pallar das Pedras	74
A fonte de Pardiñas	75
As fontes de Pardiñas	77
A Linda i a Parda	79
Mirando prá aldea	81
Poema á cociña de lareira	84
A Pena do Encanto	87
Aquí naide é forasteiro.....	92
A festa xunto ó cementerio.....	94
Eu	98
FLORES DE ABRUÑEIRO	99
Flores de abruñeiro.....	101
E sentireime poeta.....	102
Ser poeta é ser canteiro	103
Ás veces.....	104
Andando polo monte	105

Amigos.....	106
O poeta.....	107
Pepón.....	108
Toño.....	109
O sacristán.....	110
O gaiteiro Benitón.....	111
O gaiteiro Nela.....	112
O ferrador.....	113
Mingo paredeiro.....	114
Os cesteiros.....	115
Antroirada.....	116
Ó revés, como en Les.....	117
¡Vaia negocio!.....	118
Mira onde tripas.....	119
A polavila.....	120
Calquera é carpinteiro.....	121
Un cachabo.....	123
O burro.....	125
O burro do tío Camilo.....	126
As esfollas.....	127
A nevada.....	128
O inverno.....	129
A primavera.....	130
O vrao.....	131
O outono.....	132
Os cabozos.....	133
Os cochos.....	134
A pita choca.....	135
A grade.....	136
O carro.....	137
O arado.....	138

A gadaña	139
O loureiro	140
A roseira.....	141
O trigo	142
O carballo grande	143
A pataca	144
A roca e o fuso	145
O paraguas.....	146
O toco do carballo	147
A gatiña moura	148
Os dous gatos	149
O corvo e o xabarl	150
A raposa	151
As truitas.....	152
O verme alumón	153
O coscorelo	154
O mazaeiro dá	155
Os arandos.....	156
Os amorolos.....	157
A figueira	158
A silva	159
A ortiga	160
A xesta	161
As folgueiras	162
Os nabos.....	163
Os regachiños.....	164
O abruñeiro	165

